

O Merdeiro. O Entroido vigués.

O Merdeiro é un personaxe do entroido vigués de carácter popular que remitiu nos anos 20 do século XX por medio de ordenanzas municipais que atacaban a súa figura, así como outros costumes transgresores da festa, xa que o Merdeiro era un personaxe que ninguén podía controlar. Cando Vigo pasou de ser unha vila de mariñeiros, que tamén vivía do rural, a converterse nunha poderosa cidade industrial, chocaron os dous mundos: o mundo burgués e o mundo popular, e esta personaxe non podía continuar.

A figura do Merdeiro interprétase coma unha eterna rivalidade entre mariñeiros e labregos, manifestando un mutuo desprezo. Chegado o Entroido, os mariñeiros transformábanse en merdeiros para expresar, con máis forza, as súas animosidades cos do agro. Para elo acostumaban a vestirse ao xeito do escabicheiro, persoas do rural que recollían os restos de peixe (o escabiche) e baleiraban os pozos negros da cidade para abonar os seus campos, ridiculizando aqueles elementos do traxe (gorro, os símbolos campesiños, o farol) e aparellos de faena máis representativos e esaxerando o seu comportamento ante a sociedade.

Un Merdeiro vén sendo un campesiño ridiculizado: leva un pantalón branco que pode estar cuberto por unhas polainas, unha camisa branca que sempre ten que ir por fóra: coma un "descamisado" (un insulto). Sobre ela vístese un chaleco de cor negra, vermella ou verde, cun símbolo astral ou animal serigrafiado nas costas. Levan faxín, pero cada un o cingue á súa maneira, pero mal atado (outra burla). A cabeza vai cuberta cunha máscara con cara grotesca e pintada de rosa como a tez castigada dos campesiños. A máscara está cuberta de lá de ovella desaliñada (outro insulto). Poden levar un sombreiro con forma de galiña, e xa se sobreentende o porqué.

De maneira xeral, o merdeiro acostuma a vagar de xeito improvisado polas rúas da Zona Vella en solitario ou en reducidos grupos carentes de organización algunha. Corre, chota e berra asustando á xente coa vara e pronunciando verbas e frases malsoantes. Neste senso, o merdeiro compórtase e comportarase amolando a toda a xente coa que se atope, chegando inclusive a guindarlle fariña. Neste papel que cumpre no Entroido urbano Vigués, a figura desta personaxe deberá ser respectada a todos os niveis.

No Entroido vigués do ano 2006 procurouse sentar unha base teórica nun proxecto de recuperación desta figura, coa publicación dun libro sobre o entroido vigués e coa primeira saída á rúa dun grupo de Merdeiros despois de máis de 80 anos.

